

## Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Secretaría: María-Xosé Fernández Cerviño  
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz  
Administración: Xulia Vázquez Randulfe

setembro 5/2007

## 30º aniversario da inauguración do Museo



Luns 29 de outubro cúmprese o trixésimo aniversario da inauguración do Museo do Pobo Galego. Para conmemoralo, organizouse un conxunto de actos que se celebrarán entre os días 27 e 30 de outubro. Este é un adianto da programación prevista.

### Sábado 27, 12:00h

■ Asemblea extraordinaria do Padroado: imposición da insignia de ouro do Museo ao patrón fundador Dr. Luciano García Alén

### Domingo 28, 21:00h

■ Representación do *Romance de Xoán Tuorum*. Adaptación feita por

Roberto Salgueiro sobre o Romance *Juan Tuorum: Leyenda sobre una tradición gallega del siglo XIV* de Isidoro Casulleras Galiana, premiado coa "Lira de Oro y Plata" nos xogos florais de Pontevedra de 1880

### Luns 29

■ Xornada de portas abertas, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h

■ Presentación das novas salas de prensa e imprenta e de oficios urbanos

### Martes 30, 20:00h

■ Inauguración da exposición *Barrio de San Pedro, porta do Camiño*

Este programa de actos conta co patrocinio da Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Patrimonio cultural) e de Innovación e Industria (S.A. de Xestión do Plan Xacobeo), e coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela e o Centro Dramático Galego.

Estades tod@s cordialmente invitad@s. Esperamos contar coa vosa participación activa nestas conmemoracións.

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

### ACTIVIDADES CURSO 2007-2008

#### A colección

■ Visitas dinamizadas para primaria e primeiro ciclo de ESO. Duración: 70 minutos

"Adiviña cos Ollos Pechados". Unha variante do xogo da pita cega con distintos obxectos contidos nas salas do Museo.

"Que me estás a contar?" Os contidos das salas contan historias que os cativos terán que construír.

■ Visitas comentadas a partir de 4º de primaria. Duración: 50 minutos

A través do diálogo e a participación do alumnado, o educador/a do Museo realiza unha presentación temática do MPG en cada un dos seguintes roteiros: Os sistemas de produción; Os oficios; A sociedade; O espazo construído; O conxunto histórico-artístico de Bonaval.

#### Mostra de cinema documental etnográfico

25 e 26 de outubro ás 11 horas, sesión escolar

*Linguas Cruzadas*. 2007.

María Yáñez e Mónica Ares. 50 minutos

As testemuñas de mozos e mozas de diferentes localidades do país falando sobre as súas experiencias persoais coa lingua. O uso do galego nas novas tecnoloxías, no ensino ou na ciencia son algúns dos temas abordados neste interesante filme documental sobre a situación do galego entre a mocidade.

#### Materiais de préstamo

■ Maletas didácticas: Os Xogos e O Pan

■ Videoteca

Estas actividades realízanse coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Santiago de Compostela.

## ACTIVIDADES DO MUSEO

### EXPOSICIÓNS

#### **Cartografía antiga de Galicia.**

Fondos da Colección Martínez Barbeito no Arquivo do Reino de Galicia

14 setembro a 19 outubro

Organiza: AGACeS, Asociación Galega de Cartografía e Sistemas de Información Xeográfica  
Patrocina: Xunta de Galicia

Co gallo da celebración das IV Xornadas Técnicas da Infraestrutura de Datos Espaciais de España, organizadas por AGACeS, o Museo do Pobo Galego exhibe unha mostra da que forma parte unha selección dos fondos de cartografía histórica de Martínez Barbeito, pertencentes á Consellería de Cultura e Deporte e que xa foron expostos en 1988 con ocasión do bicentenario de D. Domingo Fontán.



#### **Proxecto didáctico Antonio Fraguas**

6 outubro a 11 novembro

Organizan: Fundación Antonio Fraguas Fraguas e Museo do Pobo Galego

Patrocinan: Consellería de Cultura e Deporte. Fundación Caixa Galicia. Fundación Caixanova

O 6 de outubro inaugurouse a exposición do traballo levado a cabo polos centros escolares premiados na cuarta convocatoria do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas: os proxectos *Educaldea* do CEP Xosé María Brea Segade de Taragoña, Rianxo, e *O Patrimonio, un recurso endóxeno ameazado e esquecido* do IES de Pontecaldelas. Da coordinación deste programa encárgase o Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo.

No mesmo acto fíxose entrega da primeira parte da dotación do premio aos gañadores da quinta edición, o IES de Melide e o IES Concepción Arenal de Ferrol.

### CICLO DE CINEMA DOCUMENTAL ETNOGRÁFICO

En colaboración cos organizadores de **Espiello**, festival de cinema etnográfico da comarca de Sobrarbe, celebrarase a segunda mostra de cinema documental etnográfico entre os días 23 e 26 de outubro. Esta actividade, organizada polo Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo, conta co patrocinio da Secretaría Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia.

#### **Martes 23**

19:30h *Emiterio.*

Premio Espiello Choben 2007

Diego Seppi. 28'

20:00h *A casa de Lola de Andrés.* 2006

Olaia Sendón. 34'

#### **Mércores 24**

11:30h sesión escolar

*Linguas Cruzadas.* 2007

Mónica Ares e María Yáñez. 50'

19:30h *Praia de Monte Gordo*

Óscar Clemente e

Sofía Trincao. 30'

20:00h *La aventura Garífuna.*

Espiello Boltaña e

Espiello Rechira 2007

Patricia Ferreira. 50'

#### **Xoves 25**

11:30h sesión escolar

*Linguas Cruzadas.* 2007

Mónica Ares e María Yáñez. 50'

19:30h *I want to be a pilot.*

Premio ASECCIC 2007

Diego Quemada López. 11'

19:45h *En tiempos del Patrimonio:*

*Pinos y Penas.*

Premio Espiello Pirineos 2007

Carlos Tarazona Grasa. 50'

#### **Venres 26**

19:30h *Linguas Cruzadas.* 2007

María Yáñez e Mónica Ares. 50'

20:30h Clausura da Mostra

## INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

### FORO INMIGRACIÓN, CIDADANÍA E IDENTIDADE



instituto de  
estudos das  
identidades

O Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego organiza o seu segundo foro de debate. Con esta actividade, iniciada a comezos do presente ano co foro titulado *Territorio, Paisaxe e Identidade*, obxecto da publicación que acompaña estas Páxinas, o IEI propónse agora abordar unha cuestión de especial relevancia e actualidade. Baixo a coordinación da prof. Mar Lorenzo Moledo, titular de Teoría e Historia da Educación e Pedagogía social da Universidade de Santiago de Compostela, fórmulanse os seguintes obxectivos:

- analizar a relación entre inmigración e identidade en

tempos de globalización, con particular énfase en cuestións sociais e educativas

- examinar os patróns demográficos da inmigración en Galicia, atendendo especialmente á forza das mulleres neste proceso histórico
- estudar o influxo da inmigración nos patróns de identificación cultural dos galegos
- debater acerca da cambiante representación dos inmigrantes por parte da poboación autóctona.

O foro, que conta co patrocinio do Parlamento de Galicia, iniciarase en torno ao 30 de outubro coa posta na rede das contribucións dos relatores, e culminará o día 12 de decembro cunha sesión presencial aberta na que se someterán a discusión as conclusións do debate virtual.

As persoas interesadas en participaren no foro en rede poderán acceder desde primeiros de novembro a través do enlace creado na páxina Web do Museo <[www.museodopobo.es](http://www.museodopobo.es)>